



MÁISPOBRA

Revista informativa do Partido Popular da Pobra do Caramiñal

Para sentirnos orgullosos



Emprego

Comercio

Deporte

Cultura

Educación



populares
A Pobra do Caramiñal

EDITORIAL



Isaac Maceiras

Candidato á alcaldía da Pobra do Carmiñal

Prezados veciños:

Pasaron xa catro anos desde a última cita electoral na que de forma maioritaria depositastes a vosa confianza en min, e chega o momento de renovar ese apoio co aval de termos cumprido con tódolos nosos compromisos.

A revista que tedes nas vosas mans resume en imaxes as actuacións que fomos desenvolvendo en todo o municipio. Actuacións que foron posibles non só polo labor do Goberno municipal, senón tamén gracias ao esforzo de todos vós, con quen puideron contar para acometer os grandes proxectos que situaron á Pobra nun concello de referencia de toda Galicia.

Nun momento, como sabedes, de enormes dificultades económicas, puidemos desenvolver proxectos ambiciosos no campo das **Infraestructuras**, coma o de estar moi cerca do saneamento integral de todo o concello. Proba disto é a obra que estamos realizando en San Isidro, zona de Conchido-Riveiriña, por un importe de 1,7 millóns de euros. Neste apartado tamén asfaltamos tódolos camiños; pavimentamos e ensanchamos unha boa parte das nosas estradas _algunhas importantes coma as do Hospital, a de Santa Cruz, Campiño-Cabío, Mirandela, Camiño Ancho..._ ademais de reforzar a recollida de lixo en tódalas parroquias.

Os **Xoves** foron tamén unha das nosas prioridades. E fixémoslo desenvolvendo accións no terreo no que máis necesitan o noso apoio: o emprego. Coa ampliación en 100.000 metros cadrados do Polígono da Tomada, aseguramos decenas de empregos co desenvolvemento de novos proxectos empresariais. É, sen dúbida, unha das actuacións máis importantes dos últimos anos, que nos situará nunha posición envexable en toda a comarca.

Tampouco nos esquecemos da fonte de riqueza da nosa terra: o mar. Temos o porto de descargas de tónidos máis importante de Europa, e o noso obxectivo seguirá sendo o de consolidar esta posición con novas inversións.

En canto aos **Servizos Sociais**, executamos tamén grandes obras, coma as ampliacións da residencia e a construción e posta en funcionamento do CAD, ademais de aumentar e mellorar os servizos a domicilio. Neste terreo están algúns dos nosos proxectos estrela, como son a construción dun

Centro de Día que dará servizo a 50 persoas e o Centro de Saúde, nunha parcela de 2.500 metros cadrados, con PAC incorporado.

A **Educación** e a **Cultura** foron tamén prioritarias para o Goberno municipal. Fixéronse melloras en tódolos colexios, destacando as inversións nas escolas unitarias e no Fernández Varela. Creáronse novos espazos de ocio e xardíns para o desfrute dos veciños, e traballamos intensamente en ofrecer actividades culturais para todos coma a posta en funcionamento da Escola de Música e a Casa da Cultura Raquel Fernández Soler, o Irmandamento con Vilanova de Arousa ou a potenciación do Museo Valle-Inclán na súa Torre de Bermúdez.

Editamos tamén unha revista na que se plasma todo o relacionado co deporte titulada "Vivir na Pobra, unha vila para o deporte", onde podedes comprobar o esforzo que se fixo neste apartado: inversións nun novo Campo de Fútbol de herba artificial en Cadreche; acondicionamento do Polideportivo de Venecia; novos vestiarios no Campo de Fútbol de A Alta; novas pistas de tenis, baloncesto, parques biosaudables. Tamén o acondicionamento da finca de Raquel Fernández Soler en pista multideportiva, onde incluiremos unha pista de skate.

Entre os anos 2000 e 2010 invertéronse no municipio 68 millóns de euros. Agora empezamos unha nova década navegando xuntos con compás e enerxía renovadas cara un futuro aínda mellor para tódolos pobrenses. A miña obrigación coma candidato novamente a alcalde é a de impulsar a ilusión, o acordo e o compromiso de todos de maneira que nos coordinemos para alcanzar o obxectivo de un municipio mellor. Ese é o liderado que exerce un alcalde que escoita e entende a xestión da cidade coma unha tarefa participativa, plural, eficaz e comprometida.

Recibe un cordial saúdo

Isaac Maceiras